

No Concello de Padrenda (Ourense)

**Horarios de visita:**

De luns a venres, de 9 a 14 h.

**Inauguración da exposición:**

Venres 22 de novembro, ás 12 h, no Concello

<http://webs.uvigo.es/mpsp/medicarte/cxmr2013/expo2013.htm>



Exposición itinerante organizada pola  
Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública  
da Universidade de Vigo  
co patrocinio dos Concellos do Camiño Miñoto-Ribeiro  
e a colaboración  
da Asociación Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro  
e do colectivo Medicina e Arte



Universidade de Vigo



Concello de Padrenda



# Queremos SaudArte dende o Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro

EXPOSICIÓN ITINERANTE  
Estancia en Padrenda  
do 20 de novembro ao 20 de decembro  
de 2013



O obxectivo desta exposición é mobilizar á xente dos concellos polos que pasa este Camiño, e visibilizalo a toda a sociedade galega, para que despois traspase as nosas fronteiras e se espalle a información polos camiños adiante; promocionalo para que sexa outro Camiño Xacobeo máis e con máis peregrinos dos que ten agora, e que todo isto sirva para mellorar a calidade de vida desta zona e dos seus habitantes; para que se consiga a declaración deste Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro como un dos Camiños de Santiago “oficiais ”; meta que é moi importante, tanto para estas comarcas, como para toda Galicia.

Este Camiño existe dende moi antigo, aínda que non estea oficializado. Xa no ano 1783 o arcebispo de Santiago (que ía *tomar as augas* a Cortegada) pedíalle ao rexedor do Ribeiro que arranxara determinados puntos deste camiño para que puideran pasar mellor por el “*peregrinos, viajeros y comerciantes*”, como consta nos libros existentes no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Municipal de Ribadavia (sito no Museo de Ribadavia).

No Camiño Miñoto-Ribeiro hai abondosos vestixios de Ordes Hospitalarias, sobre todo da de San Xoán de Xerusalén, ou Cabaleiros de Malta, e dos seus hospitais; así como de lazaretos, e de fontes de augas mineiro-medicinais utilizadas polos peregrinos enfermos.

Comisaria da exposición: Lourdes Maceiras

Persoas que participan nesta exposición:

M. Amigo	Lourdes Maceiras
Antón Aparicio	Mariña Maceiras
Xosé Manuel Cairo Antelo	Ana Martínez
Ángel Carracedo	Rosa Moreno
José C. Castro Martínez	<i>Seneniña</i>
Victoria Castro	Olga Poza
Antonio Díaz Pedreira	Marcial Regueiro
Abdón Fernández Torres	Manuel Robles
Pablo Galego	<i>Eos Selene</i>
Luciano García Alén	<i>Xabier de Novás</i>
Federico García Cabezón	Pilar Turbón
Victorino García Calderón	Xesús Vázquez
Leopoldo García Méndez	Fidel Vidal
Ignacio Granero	Xan Vieito
Mercedes Hernández Ruíz	Roberto Vila
J. Luis Iglesias Díz	Leticia
Manuel López Ferreiro	Roberto Vila Sexto
<i>JoLoPe</i>	

